

MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

2020-2021

1. INTRODUCCIÓN.

O Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias reuníase regularmente tódolos primeiros martes de mes, para programar e organizar as actividades a realizar cada mes.

A principios de curso elaborouse un Plan Xeral de Actividades para traballar ao longo do curso, que se desenvolveu na súa maioría e ampliouse con actividades que non estaban programadas.

En xeral a valoración foi positiva, houbo unha gran implicación no centro nas actividades propostas.

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.

Actividades programadas dende o propio colexio para festexar días sinalados, Iste curso foi moi complicado realizar actividades complementarias e extraescolares debido o PROTOCOLO COVID19 tendo en conta sempre os grupos burbulla polo tanto as actividades realizáronse en grupo-aula, pequeno grupo.

- **DÍA INTERNACIONAL DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES.**

Para conmemorar o Día Internacional das Bibliotecas escolares, do día 19 ao 27 de outubro dende a biblioteca levouse a Cabo a actuación dos bolechas para os alumnos de 2º E:P



- **HALLOWEEN – SAMAÍN**

Celebración diferente, iste ano non se realizou ninguha actividade conxunta, os nenos e nenas viñeron disfrazados e realizaron adornos para decorar dous espazos que serían : o xardín interior da entrada educación Primaria e o patio de area e educación Infantil



OS ALUMNOS/AS VIÑERON DISFRAZADOS AO COLEXIO

- **MAGOSTO**


A celebración do magosto tivo lugar o venres 13 de novembro. Pola mañá os alumnos e alumnas poideron disfrutar da degustación de castañas asadas e bolos preñados.

Non se realizou ningua outra actividade debido o protocolo covid19 e seguindo o prtocolo en todo momento



25 N CELEBRACION

Esta actividad fixose en colaboración coa AMPA do centro os nenos fixeron uns dibuxos sobras as mulleres traballadoras e logo cos gañadores fixose uns cartreis co lema “FAI UN TRATO CO BÓ TRATO”



- **CELEBRACIÓN DO NADAL**

Para celebrar a chegada do Nadal levouse a cabo as seguintes actividades:

- Tamen se elaborou unha arbore de Nadal con estreas feitas por todos /as as/os alumnos /as Do centro
- Concurso de postais de Nadal
- **21 e 22 de decembro** visita dos Reis Magos iste ano foi virtual : Iste ano decidimos facer una actividade colaborativa cos CEIP ROGELIO GARCIA YAÑEZ DE RAMIRÁS E SAN MAROS DE CARTELLE
- **O dia 21 tres mestres don noso CEIP** disfrazaronse de Reis Magos e fixemos unha video conferencia para os alumnos do Ceip Rogelio Garcia Yañes de Ramiras e para os nenos e nenas do CEIP San Marcos de Cartelle
- O dia 22 os mestres e mestras do CEIP de Ramiras disfrazaronse o fixeron unha video conferencia para os alumnos e alumnas de noso centro
- Foi unha actividade moi divertida para os rapaces e rapazas
- Fixose concurso de decoración de portas navideñas.



- **Día da Paz**

Cada curso celebramos este día con diferentes actividades que fan referencia á PAZ e a NON VIOLENCIA. Iste ano traballamos codo con codo o equipo da biblioteca: a través dun conto “O elefante Elmar” elaboramos unha manta de cores e a cada curso deuselle un dibuxo do elefante para que o decorasen ca técnica que mais lle gustara e a continuación colocábase na manta de Elmer co lema “LATEXANDO XUNTOS”



- **ENTROIDO**

Otra das festividades que celebramos todos os anos é o entroido.

Durante esa semana o noso **meco** nos suxire uns “**mandadiños**”, que son o complemento que cada día debemos poñernos para traer ao colexio

De esta vez houbo dous mecos un para educación infantil e outro para educación Primaria

Iste ano non houbo desfile de entroido ,pero si houbo disfraces todos e todos nos disfrazamos de **héroes**





- DIA DE ROSALIA 24 DE FEBREIRO

Elaborouse unha exposición de poesías de Rosalia de Castrofeitas por todos os cursos do Centro , mais unha actuación no patio polos nenos de 3ºA ca canción “A grasia non era moita”



8 marzo dia da muller

Fixose unha exposición titulada “**MULLERES BRAVAS**” onde os nosos alumnos traian unha foto ou dibuxo de unha muller da súa familia ou coñecida que para el/ella fora moi importante. Con todas esas fotos fixose unha exposición no patio de colexio

Os alumnos e alumnas de 6º A e B fixeron unha exposición cas mulleres que ffixeron historia no mundo das artes das cienciasen todos os ámbitos da Cutura ciencia e tecnoloxía

FIXEMOS UNHA PEQUENA HOMENAXE A NOSA QUERIDA MARIA JESÚS

Tamen neste senso traballouse ca AMPA do centro nun concurso “mulleres da nosa vida” onde os nosos lumnos e alumnas facian un dibuxo da cos gañadores filleronse os carteis conmemorativos da xornada “8M”





- **DÍA DO LIBRO**

Como cada ano o 23 de abril conmemoramos o día Internacional do Libro coa actividade “**Apadríña un lector**” organizada polo equipo da Biblioteca.

Traballamos coco a codo co equipo da biblioteca, aproveitando a manta que fixeramos para o día da paz, colocamos unhas portadas de libros, elaboradas por cada curso, que mais lle gustaron a cada curso.

Os nenos/as de 6º de Primaria len un conto aos nenos de Educación Infantil, de 1º e de 2º. 3º 4º E 5º Os libros escóllenos días antes na Biblioteca tendo en conta a idade dos oíntes.

TAMEN SE ELABORARON PASAPALABRAS



- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

Cada curso celebramos o día das Letras Galegas con diferentes actividades, entre as que podemos destacar:

- Os nenos de 6 de educación infantil fixeron unha grabación sobre XELARIAS, na radio do Curros, que se escoitou a través da megafonía do colexio para todos os nenos
- Tamén se fixo unha exposición das palabras máis fermosas escritas en galego
- e houbo contacontos feito polos nenos de 6º de E.P
- E TAMÉN POR SER O MES DE MAIO FIXEMOS UN MAIO FLORIDO. Entregámoslle a cada curso unha flor feita de cartón pluma a cada curso a tiña que decorar



GRADUACIÓN

❖ **Acto de graduación de 6º de EP**

Como en anos anteriores, , celebramos a despedida do alumnado de 6º de Primaria, cunha entrega de diplomas, da orla e do libro de fichas de traballos realizados ao longo do curso por cada un deles.

❖ **Acto de graduación de 5 anos de EI**

Outra despedida non menos importante é a dos nenos/as de EI de 5 anos, que aínda que non .abandoan o Centro pero cambian de etapa, con todo o que eso significa.



OUTRAS ACTIVIDADES DO NOSO CENTRO:

• **BASQUETE POR UN LIBRO**

Actividade que consiste en que todos os alumnos/as que queiran, poden facer adestramentos de basquete co profesor de Educación Física a cambio de ler un libro. A única condición é que teñen que ler como mínimo un libro ao mes. Lévese un rexistro do que le cada alumno/a.

• **CHARLAS:**

Entre as que podemos destacar algunha como:

- De primeiros auxilios.
- Salud buco-dental
- De informática.
- Medioambientais
- Lúdico-deportivas. De prevención de incendios.
- Sobre igualdade de xénero
- Etc.

- **ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA**

Diferentes xornadas de contacontos organizadas pola biblioteca, (**Kamishiabi, visitas das Coelerni-exploradoras**: alumnas de 6º que lle lían aos nenos un libro na biblioteca . na hora de ler, **Xornadas de contacontos**: alumnos/as de 6º escollían e interpretaban un libro para os máis peques, etc), pola ANPA, e tamén por alguna Editorial(**Kalandraka, SM, Vicens Vives...**)

- **TEATRO O GALO KIRIKO E A FINCA DE CARMEN**





- Actuación da banda de Música de Celanova



PROXECTOS

- PROXECTO VOZ NATURA

A través de Voz natura continuouse coa posta en valor da carballeira de Santa María.

Durante o curso realizouse as seguintes actividades:

- Charlas de concienciación medioambiental
- Creación dun sistema acuático.
- Preparación e limpeza de sendeiros.
- Limpeza de futura área de actividades.
- Ampliación e acondicionamento de dous sectores da carballeira.
- Identificación de árbores da carballeira: carballos, piñeiros, nogueiras, castiñeiros...
- Producción da composteira: restos orgánicos, herba, terra e caliza agrícola.
- Recoñecemento de pegadas de animais que frecuentan este ecosistema como é o raposo.
- Aprendizaxe na medición das árbores: diámetro, tronco, altura, anos..
- Plantación de árbores
- Panel informativo
- Clases na natureza en lugar de na aula
- Actividade de mapa do tesouro: un paseo cun xogo con pistas divertidas sobre a natureza e a utilización dun compás.
- Charla sobre prevención de incendios e manexo de manguera.

CONCURSOS

Iste ano non se participou en ningún concurso, a parte dos celebrados pola AMPA OU POLO CENTRO

AFUNDACION OBRAS DE TEATRO AUDITORIO DE OURENSE

Teatro virtual para 5º e 6º da obra “GEORGE AND THE DRAGON”

Tamén para 3º e 4º “NAUTILUS”

NON ESTIVERON A ALTURA E NON SE PEDIRON MAIS VISIONADOS

TODAS AS ACTIVIDADES ESTAN COLGADAS NA PAXINA DO COLE

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>

3. VALORACIÓN.

En xeral, amosámonos moi satisfeitos co desenvolvemento do Proxecto de Actividades Extraescolares e Complementarias Pero foi un curso moi complicado e a realización deste tipo de actividades aínda máis , de todos os xeitos estivemos moi satisfeitos con todo o traballo e coa colaboración de todos os implicados

Pero de un xeito máis especial o EQUIPO DIRECTIVO, por todo o seu esforzo e traballo para con todos os implicados neste equipo

Houbo unha gran participación de mestres e alumnos/as nas actividades propostas, así como unha gran colaboración por parte dos pais e do concello.

Destacar tamén a páxina web do centro como medio de información cara as familias de todas as actividades programadas por meses.

As propostas de actuación de mellora cara o vindeiro ano céntranse principalmente en realizar máis actividades que fomenten a lectura e o mellor aproveitamento e uso das novas tecnoloxías e recursos audiovisuais, e como non, estaremos abertos a todas as iniciativas que xurdan a principio de curso no noso Equipo, dende logo continuaremos coas actividades que por experiencia consideremos de interese entre a comunidade escolar.

Celanova a 21 de xuño de 2021

Coordinadora de Actividades Extraescolares e Complementarias.

Rosario Gómez Tinoco